

ACOLLIDA DO ALUMNADO

1. Presentación do titor/a, indicando a materia ou materias que lles vai impartir

2. Horario

Facilitar ao alumnado o horario, indicando cales son as horas de atención a alumnos/as e a familias. Repasade con eles/as os profesores/as que van impartir clase nese grupo.

3. Pasar lista

Están dispoñibles no XADE. **Importantísimo indicar que materias cursará cada alumno/a** por mor dos cambios que houbo que realizar nalgunha petición.

4. Breve explicación das materias que compoñen o curso

Ás veces, algunha das siglas que se indican no horario non teñen moito significado para o alumnado, polo que se lles pode indicar o nome completo de cada materia e unha breve descrición da mesma. Tede en conta que algunha materia é totalmente nova para eles.

5. Avaliacións

Lembrádelles que haberá tres avaliacións e unha avaliación final. No caso de **Bacharelato** haberá ademais unha **avaliación extraordinaria** a finais de **xuño**.

6. Asistencia

Insistide en que a asistencia é obrigatoria (son ensinos presenciais), e aproveitade para comentar ou aclarar dúbidas sobre as faltas de asistencia, xustificación das mesmas e **protocolo de absentismo**. É importante que sexan conscientes de que imos realizar un seguimento neste tema.

7. Normas

Dado que somos un centro educativo non está permitido fumar dentro do recinto escolar, nin comer ou beber nas aulas.

O uso de teléfonos móbiles non está permitido nas instalacións do centro educativo **durante todo o horario lectivo** (tampouco nos desprazamentos ao pavillón, nin nas actividades extraescolares).

Durante os recreos o alumnado deixará libres os corredores das plantas primeira e segunda.

Comentade un pouco as normas básicas e, ademais, que se espera deles que se comporten como adultos, amosando respecto polas persoas (compañeiros, profesorado e persoal non docente) e polas cousas.

8. Material

Lembrádelles que material é imprescindible que traian, sobre todo en determinadas materias: Educación Física, Plástica, Música,...

9. Cafetería

Indicade ao alumnado que este curso o instituto **non contará con servizo de cafetería**.

10. Outra información de interese

- Informade o alumnado (ou recordállede) cales son as **normas de reprografía**:
 - Solicitar as fotocopias (persoais ou recomendadas):
 - Antes das 9:25h., ou
 - Durante o recreo.
 - Recollelas
 - Durante o recreo, ou
 - ás 15:00h, ou
 - ao día seguinte.
 - As fotocopias **recomendadas** teñen que **pagalas por adiantado e solicitalas por grupo** (todo o alumnado da clase que as precise), nunca a goteo.

O prezo das fotocopias persoais é de 0,05€ por copia (páxina) e as recomendadas polo profesorado son a 0,04€ por copia se o tamaño do folio é A4. Para folios en A3 dúplícase o prezo.

- Ademais dos cambios de clase, o **timbre musical** marca o momento de entrada ao instituto e o remate do recreo. En canto a música comece a soar o alumnado deberá dirixirse inmediatamente a aula que lle coresponda nese momento.
- Lembrádelles ao alumnado que participe en **actividades durante o recreo** que ten que parar a súa actividade tan pronto soe a **música** que indicará a reincorporación ás clases; así mesmo entregarán o material na conserxería inmediatamente (balóns, palas de tenis de mesa).
- A **disposición do mobiliario** deberá respectarse polo alumnado e non ser movido sen previa autorización: nin na aula, nin nos corredores, nin na planta

- baixa, aínda que sexa o recreo. De moveren o mobiliario este deberá ser recolocado ao rematar a actividade que se estivese realizando.
- As **portas dos aseos deben permanecer abertas**, e no caso de que estean pechadas, solicitar a calquera profesor ou na conserxería para seren abertas. A falta de coidado dos aseos poderá provocar o peche dos mesmos.
 - En canto aos **obxectos perdidos** preguntarán na conserxería por se alguén os entregou alí.
 - **Aluguer das consignas:**
 - REQUISITO PARA O ALUGUER:
 - **Traer 10€** dos que 5€ son en concepto de fianza e que se devolverán ao remate do curso se a consigna queda en bo estado.
 - **O alumnado traerá o seu propio cadeado e dúas chaves, das que unha quedará custodiada en conserxería.**
 - Ao remate do curso se a consigna permanece en perfecto estado, cando o alumnado devolva a chave, devolveránselle os 5€ da fianza e o cadeado.
 - A petición farase durante os recreos na CONSERXERÍA.
 - **O alumnado que teña que usar o ascensor (por motivos de saúde)** ten que entregar na conserxería **5€** en concepto de fianza pola chave. **SOMENTES** pode usar o ascensor A **PERSOA** que o precise e **1 ACOMPAÑANTE**. Teñen que devolver a chave cando non a precisen e devolveránselle os 5 €.
 - **Libros de texto:**
 - Lembrádelle ao alumnado que sexa beneficiario do banco de libros que teñen que entregar o material a final de curso en boas condicións; no caso contrario, terán que aboar o custo dos libros estragados ou extraviados.